

PROCESO SELECTIVO PARA A SELECCIÓN E NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A ATA COBERTURA DE VACANTE, DUN /DUNHA TÉCNICO/A DE EDUCACIÓN, PERTENCENTE A ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, SUBESCALA TÉCNICA, CLASE SUPERIOR, SUBGRUPO A1(Boletín Oficial da Provincia número 92 de 16 de maio de 2019)

ANUNCIO

Publícase extracto dos acordos adoptados polo Tribunal do proceso selectivo para selección e nomeamento como funcionario/a interino/a ata a cobertura de vacante, dun/dunha técnico de educación, pertencente á escala de Administración xeral, subescala técnica, clase superior, subgrupo A1, tribunal nomeado por Decreto da Alcaldía núm. 1906/2019.

O Tribunal reuniuse as 10:30 do día 26 de setembro de 2019 para resolver as alegacións presentadas unha vez publicados os resultados da primeira proba do proceso indicado.

Exame das alegacións presentadas:

Con rexistro de entrada 201900002068 de 14 de setembro de 2019 preséntase escrito por M.J.L.F., no que solicita que se anule a pregunta 91 do primeiro exercicio e se revoque a anulación da pregunta 40.

Respecto a pregunta 91 o tribunal remite ao recollido na acta de 12.09.2019. Non procede anular a pregunta, xa que está relacionada coas materias contidas no temario, si temos en conta o previsto na base número oito da convocatoria, concretamente co tema 38. Polo tanto o tribunal desestima a alegación presentada.

En canto á solicitude de que o tribunal revoque a anulación da pregunta 40, o tribunal de novo remítese ao recollido na acta de 12.09.2019. Neste caso acordouse anulación da pregunta, xa que o seu contido excedía do recollido no temario, ao facer referencia ao artigo 6 dunha norma (Lei Orgánica do Poder Xudicial) non prevista no temario.

Ames, setembro 2019.

A secretaria do tribunal.

Margarita Fernández Sobrino